

VIERNES, 6 de marzo de 2009

REPORTAJE: LUCES

## A nova vida dos contos para todos

No moderno álbum ilustrado conflúen lectores de calquera idade

TERESA CUIÑAS | 6 MAR 2009

Archivado en: [Literatura juvenil](#) [Literatura infantil](#) [Literatura](#) [Cultura](#)

No coloquio posterior á conferencia que a escritora Teresa Moure pronunciou na edición en curso do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, a autora relatou a súa experiencia como creadora do texto literario dun álbum ilustrado: un conto para animar ás nais a dar o peito aos seus bebés. Galaxia publicou *Eu tamén son fonte* (2008) coas ilustracións de Leandro Lamas. "As máis das veces que asino ese libro para alguén, o destinatario resulta ser unha crianza, estou dedicando a un neno un conto sobre a lactancia materna!".

"Existen problemas de promoción e de percepción que establecen vencellos directos entre libro ilustrado e libro infantil, irá cambiando", explica o responsable editorial de Galaxia, Carlos Lema. "Non hai que esquecer que a narrativa ilustrada non é un fenómeno infantil, senón que nace no século XIX en publicacións para adultos; logo, o libro ilustrado infantil medrou ata ser unha industria". Lema recoñece que é traballoso cambiar os hábitos que clasifican os libros no andel.

**"A ilustración non redundante apela á intelixencia do lector", di Lorenzo** O papel dos mediadores introduce novas consideracións na perspectiva do álbum ilustrado. "Ao ser un libro que necesita mediador, nos lectores galegos medra a consideración de que a identificación entre álbum ilustrado e ámbito infantil non funciona; é un proceso lento pero real e ten que ver coa estandarización da cultura galega con outros referentes culturais europeos", indica

Fran Alonso, subdirector de Xerais. Os cativos acceden a eles a través dos adultos: familia, libreiros, bibliotecarios, mestres... Segundo Lema, "son os adultos os que mercan para os nenos e aí é onde se decatan da existencia destes libros especiais, xa non tanto pola cuestión literaria, senón polo formato e o carácter artístico da edición".

Alén da singulariedade do formato, a consideración do libro como obxeto artístico vén dada pola liberdade coa que se define o traballo do ilustrador. Da dependencia histórica da imaxe en relación ao texto pásase, no álbum ilustrado, a un equilibrio de forzas entre literatura e debuxo ou mesmo á prevalencia da imaxe sobre o texto tales que as dúas artes adquiren relevancia como relatos con entidade. O ilustrador Fino Lorenzo cualifica de "discurso paralelo" o seu traballo en publicacións como *Palabras brancas*, de Elvira Riveiro (Xerais, 2008) ou *Bolboretas no papel*, de Antonio García Teijeiro (Tambre-Edelvives, 2008). Co convencemento de que "a boa literatura e os bos álbums ilustrados son tanto para os nenos como para os adultos", o artista afirma que "a ilustración non redundante axuda a crear outros puntos de vista e apela á intelixencia do lector". Conta a palabra, tamén a imaxe e, sobre todo, gusta o libro no seu conxunto. Na editorial Oqo, os álbums ilustrados representan o 90% da súa produción e son promocionados a través dun programa de exposicións. O álbum ilustrado é unha encrucillada artística que pulveriza

fronteiras.

A voz dos lectores adultos que reclaman contos para ver e ler, paseniño, está a deixar de ser un remorso. O álbum ilustrado ofrécese como ponte interxeracional. "Sen ser o mellor xeito de facelo, pola súa complexidade, para moitos pequenos o álbum supón a súa vía de entrada á literatura; ese prexuízo, ao final, é positivo porque os rapaces len acompañados polos adultos, e constrúe un diálogo produtivo para os lectores experimentados", reflexiona o escritor e director das áreas de infantil e xuvenil de Galaxia, Xosé Antón Neira Cruz. Ao seu entender, a introdución do álbum na literatura galega é dobremente positiva: "A chamada literatura para adultos desencorsétase e a infantil, que é a máis abrangedora porque non exclúe a ningún lector, saia do gueto".

En tempos recentes, Galaxia activou unha liña de álbumes ilustrados para lectores de calquera idade. Os seus primeiros títulos son *A serea do mundo* e *O branco país sen neve* de Encarna Otero e ilustrados por Elisa Gallego, *A fada das lapas* de Manuel Janeiro con ilustracións de Zita Delaco e o mencionado libro de Teresa Moure, quen conta cunha nova achega, *Mamá, ti si que me entendes*. Xerais igualmente apostou por editar volumes confeccionados por autores e ilustradores galegos, liña que distingue o labor de editoras xeralistas das especializadas Kalandraka e Oqo, cuxa aparición, desde finais dos 90, vigorizou o mercado galego. Estas empresas desenvolven unha arriquecedora praxe editorial multilingüe que incorpora creadores doutros sistemas literarios.

"Son libros para volver á infancia", explica Marisa Núñez de Oqo, "están feitos desde a sensación de escribir o conto que quixesemos ter lido canda nenos e, ao tempo, tamén espertan o noso interese, as categorías artísticas non teñen idade". En paralelo, Neira Cruz sostén que "hai álbumes que, coa forza da imaxe, mesmo cobran unha dimensión terapéutica en estados anímicos carenciais".